

EDITA:
E.D. Xuventude Oroso

COORDINADOR:
Manuel Cruz

COLABORADORES:
María Moreiro
Javier Seoane

FOTOGRAFÍA:
Foto -Vídeo Antonio

**DISEÑO E
MAQUETACIÓN:**
J. María Gairí

IMPRIME
Litonor

PUBLICIDADE:
Teléfono: 630 588 021
xuventudeoroso@yahoo.es

Sumario

SAÚDA DO PRESIDENTE
EDITORIAL
CATEGORÍAS DA ESCOLA
TENIS DE MESA
TÉCNICOS DO CLUBE
XENTE DO CONCELLO
OS NENOS FALAN
OS PAIS TAMÉN OPINAN
A XENTE QUE SE MOLLA
REPORTAXE FOTOGRÁFICO
O BAILE DE SALON COMO
DEPORTE
OPINIÓN



SAÚDA DO PRESIDENTE



Un gran saúdo en nome meu e de toda a Xunta Directiva, a todos os compoñentes desta “gran familia” chamada Escola Deportiva Xuventude Orosó. Aproveito estas liñas para saudar a seareiros, socios, colaboradores, xogadores e adestradores. Acabouse o primeiro ano desta Escola, creo que co deber cumprido, tanto no aspecto social coma deportivo. No aspecto social hai que resaltar a integración de tódolos rapaces, nun bo ambiente, compañeirismo, apoio, etc.

No aspecto deportivo, fago unha valoración excelente, non só polos resultados finais que foron moi bos, se non sobre todo pola gran progresión dos rapaces, súa total dedicación e aplicación no día a día e nos adestramentos.

Estamos inmersos neste segundo ano e a aceptación por parte dos rapaces e tremenda, incorporáronse cincuenta novos nenos, o que nos leva a crear un total de sete equipos. Inauguramos tamén a Escola de Tenis de Mesa con vinte alumnos, unha actividade que xa está dando os seus froitos, cunha gran progresión deportiva, é tremendamente gratificante a evolución que tiveron os rapaces en tan so catro meses de adestramentos.

Agradecer os pais por confiar en nos seus fillos, e tamén polo apoio que nos están prestando, porque sen ese apoio sería difícil levar a cabo esta labor.

2



caixanova



Agradecer as empresas, patrocinadores, seu apoio económico e seu gran respaldo a este proxecto.

Mención especial para o Concello, pola súa achega económica, infraestructuras, acondicionamento, mantemento dos campos de fútbol e transporte dos nenos, sen ese apoio sería economicamente imposible manter esta estrutura. Sabemos do moito que fixeron pero tamén sabemos, que aínda queda por facer.

Agradecer tamén a labor de nosos adestradores, pola súa gran dedicación e sobre todo, polo seu bo facer na evolución dos xogadores tanto humana como deportiva.

Só me queda dicirvos que esta directiva seguirá esforzándose para cada ano ir mellorando, sabemos que sempre hai fallos, que esperamos que sexan os menos, pero sen dubida detrás de todo isto, hai un gran traballo, traballo que en moitos casos non se ve, pero podo certificar que hai moito esforzo por parte de todos.

Animar a todos a que sigades apoiando este proxecto, porque de aquí e de nosos nenos sairá o futuro de noso Concello. Unha gran aperta para tódolos compoñentes desta “gran familia.”

Luis Rey

Presidente da ED Xuventude Oroso



CAIXA GALICIA



EDITORIAL

Esta segunda edición da revista da EDO, vai dedicada a todos aqueles que de forma altruísta nos apoiaron ou apoian, sabemos que sen eles sería difícil sacar isto adiante, pois necesitamos da axuda de cantos mais mellor, por pequena que sexa. Aproveito a ocasión para animarvos a colaborar connosco e darlle deste xeito o mellor a nosa xuventude.



Sempre é bo lembrarse do pasado e no noso breve camiñar, atopámonos cunha gratificante sorpresa, xa que tivemos moitos éxitos deportivos, algúns deles inesperados, pero para nos, os maiores logros resúmense en ver cada vez mais deportistas, participando e ocupando o seu tempo de lecer cas actividades que aquí se ofrecen. Ademais esta tempada a Escola ampliouse ca sección deportiva de Tenis de Mesa, co obxectivo de fomentar a participación feminina. Ata o de agora, estamos moi orgullosos dos resultados acadados, tendo en conta que estamos fomentando un deporte minoritario no noso entorno.

Animo dende aquí a que tódolos integrantes da EDO, que como ben apuntaba noso colaborador e amigo J. Seoane, “pretende ser de boas persoas”, a que sigades connosco progresando deportivamente, o mesmo tempo que engadides valores positivos para vos, esperamos tamén que sigades sendo felices co deporte, que sigades facendo amigos aquí, e tamén que tanto vos como vosos pais, saibades perdoar os fallos que en algunha ocasión poderamos ter.

Permitídemme para rematar, que faga outra dedicatoria moi especial, a socio mais pequena e a tódolos nenos e nenas da EDO, xa que sodes vos ca vosa lelicia e ilusión, os que nos dades ese ánimo necesario para seguir traballando, de xeito que entre todos fagamos unha sociedade mais respectuosa, mais unida e en definitiva mais humana.

Manuel Cruz

Categoría

Benxamíns

DANIEL CASAL RAMOS
ANGEL GARABATO RUIBAL
ALEJANDRO PICÓN GÓMEZ
BORJA SAINZ RIAL
OSCAR SEANE PAZOS
AITOR RIAL FERNÁNDEZ
JAIME BLANCO LÓPEZ
JONATAN REY BOUZÓN
ANTONIO GARCIA VARELA
ALBERTO VIEITES CORES
MANUEL CAO FERNANDEZ
JOSE SUAREZ IGLESIAS
PAULA LOPEZ VALERO
JAVIER GARABOA FERNÁNDEZ
ALEJANDRO FIGUEIRAS



5


PANRICO donuts



DANIEL RAMA VILLAVERDE
CHRISTIAN DONO TOBIO
MARTIN PEREIRO BOTANA
JOSE A. JUNCAL DONO
MANUEL RIVERA COSTA
PABLO FRANCO PENA
MARCOS GARCIA MAZÁS
ALBERTO CASTRO OTERO
RODRIGO RICO OTERO
RAUL MARTINEZ DEL RIO

JESÚS GUZMÁN VIEITES
MARCOS CASTELO OTERO
JUAN JIMENEZ ROSILLO
FRAN TORRES TOBIO
LUIS CELA LOPEZ
PEDRO GARCÍA MIRÁS
DIEGO SANCHEZ FERNANDEZ
JAVIER CARBALLIDO IGLESIAS
ANXO BOTANA REY
IVAN JUNCAL VARELA
ROBERTO MARIÑO LIÑARES
HECTOR COTOS MONTERO
ALVARO GARCIA GENDRA
ANDRÉS GONZÁLEZ BALADO
CARLOS VIDAL PUGA
IVÁN PAZOS VARELA
MARTIÑO GARABAL MIRÁS
ELOY RAÑA GUERRA
RUBEN OTERO FUENTE
IVAN CAO FERNANDEZ
DANIEL MAROÑO



IVAN BLANCO LOPEZ
GABRIEL MARTINEZ
FERNADNEZ
CARLOS MIRAS FERNANDEZ
XOSÉ LOPEZ BLANCO
ROI PÉREZ BOQUETE
EDUARDO PARCERO AREAN
ADRIÁN RIAL RODEIRO
JOSE MANUEL FRANCO PENA
MIGUEL FERRO DAFONTE
DARIO VEIGA TABOADA
ALEJANDRO CASTRO
CASTIÑEIRAS
DIEGO PARDO PRADO
ADRIAN IGLESIAS PENIDO
ALBERTO RODEIRO FERNANDEZ
JAVIER LISTE RIOS
DAVID COTROFE GRELA
DAVID FERNANDEZ RIVERA
LUIS PENA BOTANA
ALBERTO CASTRO RIVERA
RUBEN ALLER SEÑOR
JOSE A. CASTRO MARTINEZ



JULIAN SILVEIRA CARNOTA
RODRIGO PAINCEIRA CABELLO
JESUS ESTALOTE MAROÑO
MARCOS FERNANDEZ RICO
RUBEN BOTANA REY
ADRIÁN LÓPEZ FERREIRO
CRISTIAN ÁLVAREZ LISTE
ADRIAN COUSELO CARRILLO
ADRIAN GONZALEZ MARTIN
ADRIAN MARZOA OTERO
MIGUEL MARTINEZ OTERO



Madeiras Irmãos Castro, s.l.

15688 VILARROMARIS-OROSO
Tels. 981 694 663 • 981 69 14 72



Categoría

Cadetes

RICARDO CASTRO OTERO
JUAN MANUEL VILARES
RIVADAS
MANUEL FIGUEIRAS PEDROSA
ANDRES CASAL RAMOS
GONZALO SEOANE MOSQUERA
EZEQUIEL D'ORSI TORRES
MANUEL VEEA CARNOTA
JORGE GOMEZ CENDAL
ALEJANDRO LORENZO CENDAL



GUSTAVO CENDAL MARTINEZ
PEDRO GONZALEZ BALADO
JACOBO LIÑARES BOQUETE
RUBEN VEIGA OTERO
JUAN JESUS VIEITES CORES
ALEJANDRO FERNANDEZ PITA
NICOLAS TIREUX ELESPE
JUAN SUAREZ IGLESIAS



ri novafer

ferretería • bricolaxe
electricidade • xardinería

Teléfono 981 69 11 73

Rúa Travesa, s/n - Edif. Arcos Portal, 4
15688 Sigüeiro-Oroso (A Coruña)



VICTOR GIL MIRANDA
JESUS CARBALLIDO IGLESIAS
ROQUE FRAGA VALEIRO
LINO MÍGUEZ PAZOS
ADRIAN BOTANA LATA
PABLO VARELA GONDELLE
DIEGO GARABATO RUIBAL
MIGUEL CONEJO PENA
ESTEBAN FRAGA SIMON
RUBEN COSTOYA CAAMAÑO
ELIAN FRIEIRA CAMINO
TONI FRIEIRA CAMINO



CAFETERÍA CORTÉS

Teléfono 981 691 762
Avda. da Grabanxa, 15 • Sigüeiro (A Coruña)



Tenis de mesa

Este ano a Escola, ampliouse ca nova sección deportiva de Tenis de Mesa, na que participan nenos e adultos. Ademais de participar nas ligas federadas, tamén tivemos representantes en diversos campionatos galegos. Destacamos os grandes éxitos desta sección deportiva, sobre todo na categoría benxamín, onde noso maior representante é Fran Torres



Campionato galego en Oroso categoría benxamín



Integrantes do equipo de Tenis de Mesa



Presentación da nova sección deportiva



Nosa aposta feminina



Tenis de mesa



DATOS PERSOAIS:

Nome: Fran Torres Tobio

Data de nacemento: 17/12/1996

Lugar nacemento: Sigüeiro

Deportista polivalente xa que é porteiro da categoría alevín de fútbol, pero ademais destaca no equipo de Tenis de Mesa como unha das grandes promesas deste deporte

PALMARÉS

Para ser o primeiro ano que practica neste deporte, seu palmarés é impresionante, xa que se clasificou sexto no grupo da zoa Norte de España, que lle dou o pase para xogar o campionato de España este ano en Valladolid. Tamén se clasificou por equipos, para xogar o campionato de España, que se celebrará en Granada o próximo mes de xullo.



RÚA DO MUIÑO, 20
ORDENES



Técnicos do clube

Víctor Conejo

ADESTRADOR CATEGORÍAS ALEVÍN A E INFANTIL B

DATOS PERSOAIS:

Nome: Victor Conejo

Lugar nacemento: Sigüeiro-Oroso

HISTORIAL XOGADOR:

Con 10 anos ingresei no C.D. Conxo

Participei nas categorías de:

- Alevín, sub-campión de liga e de copa de Santiago e campión de liga e copa de Santiago.
- Infantil: 2 ligas, 2 copas de Santiago, fase de ascenso a liga Galega Infantil.
- Cadete: 1 liga, Ascenso a división de Honor.
- Xuvenil: Categoría de División de Honor.



12

Víctor Santos

RESPONSABLE CATEGORÍA CADETE E COORDINADOR DA ESCOLA



DATOS PERSOAIS:

Nome: Victor Santos

Lugar nacemento: Xuño - Porto do Son

HISTORIAL XOGADOR:

Xoguei case toda a miña vida no equipo do meu pobo, a S.D. Xuño, na categoría de xuveniles xoguei no Atlético de Riveira de Liga Galega.



C/ Fray Rosendo Salvado, 13-15
EDIFICIO ZAFIRO
Tfno.: 981 59 84 48

C/ Laverde Ruiz, 2
ESQUINA HÓRREO
Tfno.: 981 57 61 80

SANTIAGO de COMPOSTELA



Perfil dos técnicos

Jaime Veiga

RESPONSABLE CATEGORÍA INFANTIL A



DATOS PERSOAIS:

Nome: Jaime Veiga Noya

Data nacemento: 26/02/79

Lugar nacemento: Sigüeiro-Oroso

HISTORIAL XOGADOR:

SIGÜEIRO F.C.

XUVENILES: 95/96 97/98 98/99

AFICIONADOS: 2ª REXIONAL: 99/00

S.D. DEIXEBRE

AFICIONADOS: 03/04 04/05

Perfil dos técnicos

Carlos Sanin

RESPONSABLE CATEGORÍA XUVENIL



DATOS PERSOAIS:

Nome: Carlos Sanín Pérez

Data nacemento: 13/10/69

Lugar nacemento: Buenos Aires (Arxentina)

HISTORIAL XOGADOR:

BOQUEIXÓN F.C.

Infantiles: 80/81 81/82 82/83

Cadetes: 83/84 84/85

Xuveniles: 86/86 86/87

Aficionados: 87/88 88/89

S.D LESTEDO

Aficionados: 89/90 90/91 91/92 92/93 93/94 94/95

KARAOKE MANHATTAN

Veteranos: 98/99 99/00 00/01

13



AVENIDA COMPOSTELA, 34 - SIGUEIRO





DATOS PERSOAIS:

Nome: MIGUEL ÁNGEL LÓPEZ AGRAS.
Data nacemento: 11 DE NOVEMBRO DE 1966

LUGAR NACEMENTO: FERROL (A CORUÑA)

HISTORIAL COMO XOGADOR

CATEGORÍAS INFERIORES DO RACING DE FERROL ATA XUVENIL
DUBRA S.D. 1ª REXIONAL

FORMACIÓN:

ADESTRADOR NACIONAL DE FÚTBOL NIVEL III
TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR



DEL RIO

Agencia de la Propiedad Inmobiliaria. Coleg. 166
Administración de Fincas Seguros

C/ Rúa Travesa, s/n
Tel. y Fax: 981 69 15 12
15884 Sigüeiro-Oroso

Rúa de Berlín, 8 - Bajo
Tel. y Fax: 981 56 39 07
15707 Santiago

Miguel López

ADESTRADOR CATEGORÍA BENXAMÍN E ALEVÍN B



HISTORIAL COMO ADESTRADOR:

1992-93: CALO S.R. INFANTIL
1993-94: CALO S.R. INFANTIL-CADETE.
1994-95: CALO S.R. XUVENIL
1995-96: CALO S.R. XUVENIL
1996-97: CALO S.R. XUVENIL
1997-98: CALO S.R. XUVENIL
1998-99: CALO S.R. XUVENIL
1999-00: CALO S.R. XUVENIL
2000-01: AT. FÁTIMA LIGA GALEGA CADETES
2001-02: BERTAMIRÁNS 2º REXIONAL
2002-03: AT. FÁTIMA – XUVENIL B
2003-04: AT. FÁTIMA – DIV. HONOR CADETE
2004-05: AT. FÁTIMA- DIV. HONOR CADETE / 2ª REXIONAL
2005-06: SAD. CIUDAD DE SANTIAGO - REXIONAL
PREFERENTE



RENAULT

TALLERES MANUEL SUÁREZ, S.L.

Avda. de Compostela, 52
15884 Sigüeiro - A Coruña
Tifs. 981 691 650 - 981 694 572
Fax 981 691 647



DATOS PERSOAIS:

Nome: Valeri Malov

Data nacemento: 23/01/1978

Lugar nacemento: NIZHNII
NOVGOROD (RUSIA)

HISTORIAL XOGADOR

- Varias veces membro da Selección Rusa de Tenis de Mesa
- 1 ano xogador do Club Autoriti Harzisk (Ucrania)
- 2 anos xogador de División de Honra polos Clubs Calella e Tona-Seva (Cataluña) onde permaneceu invicto durante 2 tempadas consecutivas.
- 6 anos xogador de Súper División Masculina no Arteal Tenis de Mesa (Santiago)
- 4º clasificado Equipos Masculinos no Campionato de España Absoluto
- 4 anos participando na Liga Europea de Tenis de Mesa
- Membro da Selección Galega Absoluta Masculina.



MARMORÍA
M. Siverio, s.l.
Obradoiro da Pedra

**TODA CLASE DE TRABALLOS
EN MÁRMORE E GRANITO**

Avda. da Grabanxa, 88
Tif./Fax 981 691 698
15884 SIGÜEIRO - A CORUÑA

**HÓRREOS - CRUCEIROS
ARTESANÍA EN PEDRA**

Tif./Fax 981 89 70 48
MILLARIO - CASTROFEITO
15821 O PINO - A CORUÑA

FORMACIÓN:

- Diplomado en Educación Física, especialidade de Tenis de Mesa (Rusia)
- Adeptador Nacional de Primeiro Nivel (España)
- Árbitro Nacional de 2º Nivel (España)

HISTORIAL ADESTRADOR:

- Seleccionador Galego das categorías Base e da Selección Absoluta Feminina
- Membro do Comité Técnico da Federación Galega de Tenis de Mesa
- 1 ano como adestrador do Club Tona-Seva onde se acadaron:
 - Subcampionato Torneo Zonal Este Xuvenil Masculino
 - Subcampionato Cº España Xuvenil Masculino
 - 3º Clasificado Torneo Estatal Xuvenil Masculino
 - 5º Clasificado Open Internacional de Playa de Aro
- 2 anos como adestrador do Club Tenis de Mesa Espedregada onde se acadaron: Varias veces Campionas Galegas en Alevín, Infantil e Xuvenil feminino.
- Na actualidade adestrador do Club E.D. Xuventude Oroso.



PESCADERÍA

INSUA

TEL. 981 69 19 76 - MÓVIL 686 58 18 43 • SIGÜERO





DATOS PERSOAIS:

Nome: Nuria Castro Iglesias

Data nacemento: 21/2/1978


Lugar nacemento: PONTEVEDRA

HISTORIAL XOGADORA

- 3ª Clasificada Torneo Zonal Norte Sub-21
- Campiona Galega Dobres Femininos
- Subcampiona Galega Dobres Mixtos
- Subcampiona Galega Equipos Femininos Absolutos
- Xogadora de División de Honra Feminina 2005/2006 e 2006/2007

FORMACIÓN:

- Adeptadora Nacional de 1º nivel
- Xuíz Árbitro Nacional
- Licenciada en Ciencias do Mar
- Na actualidade realizando Tese de Doutoramento en Bioloxía Mariña



HISTORIAL ADESTRADORA:

- 15 anos no Club de Tenis de Mesa Espedregada de Poio (Pontevedra) onde se acadaron os títulos de:
 - Subcampiona Torneo Zonal Norte Infantil Feminino
 - Varias veces Campionas Galegas en Alevín, Infantil e Xuvenil feminino.
 - 2 integrantes Selección Galega Cadete Feminina
- Presidenta do Comité Técnico da Federación Galega de Tenis de Mesa
- Adestradora das Seleccións de Categorías Base da Federación Galega de Tenis de Mesa
- Na actualidade adestradora do Club E.D. Xuventude Oroso.





HISTORIAL ADESTRADOR:

Doce anos no C.D.
Conxo, adestrando
tódalas las categorías.

Nome: Juan LamAs Vilas

Data nacemento: 21/3/1961

Lugar nacemento: SANTIAGO

HISTORIAL XOGADOR:

VISTA ALEGRE S.D.

- INFANTIL-CADETE-XUVENIL
- PREFERENTE
- TERCEIRA DIVISION

S.D. CAMPORRAPADO

- SEGUNDA REXIONAL

C.D. VEDRA

- TERCEIRA REXIONAL

FORMACIÓN:

Conferencias, charlas, libros,
sempre referentes o mundo dos
porteiros.

A isto añado a miña experiencia,
xa que ata que deixei o fútbol por
lesión hai catro anos, sempre
defendín a portería, para min o
mellor posto dun equipo.



GRUPO

PUENTES

DATOS PERSOAIS:

Nome: Óscar Soto Lago.

Data de nacemento 6/11/72

Lugar nacemento: Ortigueira

Piloto de ralis e
comercial de profesión.



¿ÓSCAR, CANDO EMPEZACHES A CORRER EN COCHES?

Tiña 17 anos. As primeiras carreiras nas que participei eran probas locais. Empecei cun Seat 127 e logo cambiei a un Talbot Samba. Daquela as competicións eran individuais.

¿EN QUE MOMENTO DECIDICHES QUE OS RALIS ERAN O TEU ?

Conseguín a primeira licenza ós 24 anos. Xa federado participei nunhas probas do Campionato Galego de Slalom, no que o que conta é a habilidade máis cá velocidade. En 1999 adquirín un Citroën AX e fixen 3 probas do Campionato Galego de Ralis de Asfalto: Narón, Ferrol e Lugo.

¿CALES SON OS TEUS PRINCIPAIS ÉXITOS NESTE CAMPO E OS PEORES RECORDOS?

A primeira vez que competín na Copa Drive Center, en 2000, acabei 4º clasificado; o seguinte ano, 3º e en 2002 quedei subcampión e 5º clasificado do Grupo N do Campionato Galego, que é o grupo o que corresponde ós coches de serie. En 2003 volví a conseguir o subchampionato na Copa de promoción e participei nunha proba do Rali-Cros en pista en Portugal.

Os peores recordos son do ano 2003. Xa co Peugeot 206 inscribome na Copa de promoción de Peugeot Auto Nalón en Asturias e participo en 3 probas do Campionato de España de Ralis. Foi un ano malo porque tiven moitos problemas mecánicos co coche. En 2005 deixo de correr co meu irmán Emilio de copiloto. A partir de entón axúdame Samuel Fernández (Xove- Lugo, 24 anos).



Pardo

**ELECTRODOMESTICOS • TVC • VIDEO • SERVICIO TECNICO
INSTALACIÓN DE ANTENAS
REPUESTO DE ELECTRODOMESTICOS Y MATERIAL ELECTRICO
Tel y Fax 981 69 12 75 - C/ Xuncal, s/n - 15884 SIGÜEIRO**



¿TIVECHES MOITOS ACCIDENTES O LONGO DESTES ANOS?

Algunhas saídas de pista, si, pero só lembro un accidente de importancia: en 2003, no Rali San Martiño de Ourense, obrigoume a abandonar o Campionato galego aínda que por sorte, só estiven hospitalizado un día.



¿TI NON TE DEDICAS PROFESIONALMENTE A ESTO. QUÍTACHE MOITO TEMPO LIBRE?

Esta Afección ocúpame tódalas fins de semana. Sempre lle hai que facer algo ó coche. Ademais, tres días antes de cada proba hai que adestrar. Isto supón dedicar

practicamente tódalas vacacións as carreiras.



Economicamente, nas probas de promoción nas que participo, axudan os patrocinadores. Doutro xeito, os custos dispáranse. O meu presuposto para a temporada anda entre os 6000 e os 9000 euros. Unha proba de Campionato de España custa a redor de 2000 euros.

¿É MOI DIFÍCIL VIVIR DOS RALIS?

En España pode facelo moi pouca xente e, en Galicia, só os preparadores que o normal é que sexan os donos dos talleres.

¿CON QUÉ ÁNIMOS COMEZAS ESTA TEMPADA?

En 2007 aspiro a rematar entre os 4 primeiros clasificados a Copa de promoción de Asturias, que empeza en abril, e vou participar nas 3 probas galegas do Campionato de España de Ralis, a primeira en xuño co Rali das Rías Baixas.



Telf y Fax: 981 69 63 99 • E-mail: alpisigueiro@hotmail.com
Rúa Río Lengüelle, 1 L-3 • 156888 Sigüeiro - A Coruña



Os pais tamén opinan

OVIDIO RAMA

¿Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?

Esperamos que esta escola lle achegue valores fundamentais para a súa formación como persoa ante todo, o respecto cara os demais, tanto aos compañeiros como aos rivais; tamén o respecto cara as normas. Así mesmo, que lle axude a manter unha vida saudable e a que manteña unha actitude responsable cara ao traballo.



¿Que consellos lle da ao seu fillo, cada vez que falan de deporte ou desta Escola?

Sobre todo tentamos subliñarlle a importancia do respecto cara aos demais, tanto cara aos compañeiros e adestrador, como cara aos nenos dos equipos rivais. Tamén que ten que cumprir as normas e que debe perseguir sempre o “xogo limpo”. E finalmente, que para poder render no campo desde o comezo ata o final debe seguir unha alimentación completa e beneficiosa para a saúde.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?

Valoramos moi positivamente a creación desta Escola Deportiva no noso Concello, pois ata este momento os nosos rapaces tiñan que se desprazar para poderen xogar nun equipo.

Estamos moi satisfeitos coa filosofía de “xogo limpo” que fomenta esta Escola, pois cremos ante todo no esforzo por un traballo ben feito máis que nos bos resultados numéricos.

Con todo, botamos en falta a presenza das nenas e mozas do noso Concello nesta Escola. Deberíase incentivar a participación destas para podermos gozar dunha Escola máis igualitaria.



CONCHI RAMOS

¿Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?

En primeiro lugar espero que o meu fillo aprenda aqueles valores enlazados có deporte e co fútbol en particular tales coma o compañeirismo, as experiencias da derrota e da vitoria, compartir, a disciplina, o sacrificio o que se deben afrontar no día a día para se superar a si mesmos. E por suposto tamén espero que os meus fillos disfruten facendo deporte.



¿Que consellos lle da ao seu fillo, cada vez que falan de deporte ou desta Escola?

Sempre que falo cós meus fillos deste tema dígolle que o deporte ten que ser ante todo algo co que se disfrute pero tamén no que non sempre se gaña. Ao falarlle da Escola refírome a esta como algo de moito valor, tanto por parte do persoal que a dirixe como pola das persoas que facemos uso dela, e que é unha grande posibilidade para eles e tamén o feito de non ter que desprazarse fóra do concello para xogar o cal é algo que antes non ocurría.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?

Sen ningunha dúbida esta Escola e toda a xente que axudou a que este proxecto se levase a cabo merecen os meus mellores parabéns, tanto polo traballo feito como polo que están a levar a cabo. Tamén penso que se fixeron moi ben as cousas e o trato os meus fillos, xunto coa disciplina e o resto de accións, foron realizadas dunha forma correcta.

**PAVIMENTOS
OROSO, S.L.**




Tlf y Fax 981 691 900 - • Falmega - Villaromariz, 6
OROSO (A Coruña)

Os pais tamén opinan

LOURDES MIRAS

¿Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?

A parte de que lle sirva para que faga unha actividade física unha ou dúas veces a semana, que saiban, compartir, responsabilizarse das súas cousas e das dos demais. Que aprendan a respectarse entre eles e que saiban traballar en equipo, que todos dependen de todos, non podes ir en solitario porque non é máis importante o que mete o gol por marcalo, porque tamén está o compañeiro que lle pasa o balón a este, que todo e unha cadea, ósea un equipo.



¿Que consellos lle da ao seu fillo, cada vez que falan de deporte ou desta Escola?

Do deporte en esta Escola lle digo que o importante é participar, pasalo ben e disfrutar cos amigos de ese momento; que si unha vez se perde outra se gaña, o caso é saber xogar (xogar limpo) que para saber xogar como en todo, tes que aprender, e para aprender tes que deixar que te ensinen. Logo tamén lle digo e lle recalco que é moi importante que se respecten entre eles.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?

Nunha escala do 1 ó 10 non podería darlle o dez, porque imaxino que haberá algunhas cousas que entre todos sempre se poden mellorar, queiramos ou non sempre nos queda algo. Pero vexo que a intención e conseguilo máximo e eu, e meu fillo sobre todo, está encantado. Así que aproveito a ocasión que me brindan para felicitar o Club, e darlle as grazas, polo traballo que fan, que non é nada fácil. A todo isto, creo que con un 9 xa é todo un reto, así que entre todos a polo 10.

**CARPINTERIA
ALUMINIO**

H^{NOS} RIVERA S.C.

Rúa da Polveira, 2º bajo
15884 SIGÜEIRO
SANTIAGO

Tel.: 981 696 221
Móviles: 669 822 144
669 422 292




Os pais tamén opinan

PURA LÓPEZ

Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?

Valores tan fundamentais como o respecto, amizade, disciplina, etc..

E importante que teñan unha boa motivación e a Escola o está conseguindo perfectamente.



¿Que consellos lle da ao seu fillo, cada vez que falan de deporte ou desta Escola?

Que nunca se debe vir abaixo, cando non salgan as cousas como el desexa. Que hai que loitar moito polo que nos gusta, que non hai nada sen traballo e sen esforzo.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?


Moi bo, moi profesional e mantendo sempre ese bo facer dende o principio ó final.

26

ALICIA RIVERA

¿Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?

Espero que lle aporte amizade e compañeirismo, que o meu fillo o pase ben facendo deporte, ó mesmo tempo que aprenda unha disciplina e como comportarse, xunto cos seus compañeiros, cando se gañe ou se perda.



¿Que consellos lle da ao seu fillo, cada vez que falan de deporte ou desta Escola?

O meu consello é que sexa responsable, acudindo ós adestramentos e ós partidos, cumprindo o mellor que poida no seu posto e respectar sempre ós compañeiros e adestradores.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?

O traballo do clube está sendo positivo e creo que o están facendo ben, pois non debe ser doado traballar con tantos nenos




Os pais tamén opinan

BENITO RODEIRO CASTRO

¿Que espera que achegue esta Escola ao seu fillo?

Espero que lle axude a formalo como un bo deportista, así como que reforce os valores de compromiso e responsabilidade. Ademais, que o deporte é unha boa maneira de compartir as aficións cos amigos.



¿Que consellos lle da ao seu fillo, cada vez que falan de deporte ou desta Escola?

Por encima de todo respecto ós seus compañeiros e formadores. No terreo de xogo que poña ó máximo esforzo e que se comprometa coa escola, ten que cumprir con tódalas obrigas e esixencias.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?

Ata o momento valoro positivamente, aínda que non sempre chove ó gusto de todos. Hai cousas que se poderían mellorar, nalgunhas estou de acordo é en outras non. Como pai, creo que a Escola deportiva foi unha das mellores iniciativas no municipio de Oroso nos últimos tempos, non só a nivel deportivo senón tamén a nivel social. Por siso debemos de estar agradecidos coas persoas que se puxeron ó fronte.

27

**CONSTRUCCIONES
DIANESA, S.L.**

Venta de pisos,
apartamentos y
plazas de garaje.

TELF. 659 924 702 / 00
C/ Angustia, 52 - 2º Santiago



Os nenos falan

MANUEL CAO FERNÁNDEZ

¿Dende que idade xogas ó fútbol?

Dende os tres anos.

¿Qué é o que máis che gusta e o que menos desta Escola?

Que o paso ben xogando o fútbol. e o que menos que so adestramos dous días a semana..

¿Cal é o teu ídolo?

Ronaldinho

¿En qué posto che gusta xogar?

Defensa.

¿Qué aspiracións tes de cara o futuro?

A ser un bo xogador.



IVAN JUNCAL VARELA

¿Dende que idade xogas ó fútbol?

Dende os cinco anos.

¿Qué é o que máis che gusta e o que menos desta Escola?

Gañar partidos e xogar cos meus amigos.

E o que menos perder.

¿Cal é o teu ídolo?


Messi.

¿En qué posto che gusta xogar?

Dianteiro

¿Qué aspiracións tes de cara o futuro?

Xogar o fútbol e ser profesional.



JOSÉ ANTONIO JUNCAL DONO

¿Dende que idade xogas ó fútbol?

Dende os sete anos ao fútbol sala.

¿Qué é o que máis che gusta e o que menos desta Escola?

O que máis gañar os partidos e pasalo ben.

O que menos perder os partidos.

¿Cal é o teu ídolo?

Cannavaro.

¿En qué posto che gusta xogar?

Dianteiro.

¿Qué aspiracións tes de cara o futuro?

Aprender o que poida e intentar chegar o máis lonxe posible.



Os nenos falan

RUBEN BOTANA REY

¿Dende que idade xogas ó fútbol?

Antes xogaba na escola pero nun equipo empecei este ano.

¿Qué é o que máis che gusta e o que menos desta Escola?

O mellor xogar os partidos e ver aos meus amigos.

O que menos o adestramento físico.

¿Cal é o teu ídolo?


Sergio Ramos

¿En qué posto che gusta xogar?

Lateral dereito

¿Qué aspiracións tes de cara o futuro?

Chegar a ser algo no fútbol.



MIGUEL FERRO DAFONTE

¿Dende que idade xogas ó fútbol? Dende os seis anos

¿Qué é o que máis che gusta e o que menos desta Escola?

O que mais aprender, a organización e o compañeirismo, o que menos o campo de adestramento e as súas instalacións.

¿Cal é o teu ídolo?


Roberto Carlos e Iguain

¿En qué posto che gusta xogar?

De lateral esquerdo e interior esquerdo

¿Qué aspiracións tes de cara o futuro?

Estudiar e seguir xogando ó fútbol coma un hobbie



RICARDO CASTRO OTERO

¿Dende que idade xogas ó fútbol?

Dende que tiña tres ou catro anos

¿Qué é o que máis che gusta e o que menos desta Escola?

O que mais me gusta da Escola, son os partidos e o que menos me gusta é correr nos adestramentos

¿Cal é o teu ídolo?

O meu ídolo era Zidane, agora non teño ningún

¿En qué posto che gusta xogar?

De medio centro ou de media punta

¿Qué aspiracións tes de cara o futuro?

Poder vivir do fútbol moitos anos



JESUS CARBALLIDO IGLESIAS

¿Dende que idade xogas ó fútbol?

Empecei con 6 anos en fútbol sala e despois algo en fútbol campo.

¿Qué é o que máis che gusta e o que menos desta Escola?

O que máis me gusta e ir xogar a campos nos que nunca xogara cos amigos e o que menos me gusta e ter que adestrar, pero para xogar hai que adestrar así que non queda outra.

¿Cal é o teu ídolo?

O meu ídolo é Zidane, xa que se pode considerar un mestre do fútbol.

¿En qué posto che gusta xogar?

A min gústame xogar en calquera sitio pero sintome máis cómodo en medio campo ou media punta.

¿Qué aspiracións tes de cara o futuro?

Eu so espero poder seguir xogando ó fútbol con toda normalidade pero se algún día se lle pode quitar uns cartiños, moito mellor.



¿Buscas un coche?

Tenemos una gran selección de vehículos

DESDE
TAN SÓLO

99€

Disfruta
de un coche
km. 0
seminuevo
o de dirección



AutoPark

Ctra. Coruña km. 89
15990 Boixosa
Santiago de Compostela
www.autopark.es
T 981 566 003

¿Qué é o que vos anima a participar neste proxecto?

Anima o feito de saber, que é un proxecto encamiñado cara os rapaces, para que poidan practicar deporte e poidan aprender a convivir e apreciar o compañeirismo. Tamén me animou a seriedade coa que me mostraron a idea do traballo que quería facer a directiva do Club.

“Deporte - Empresa”, ¿pensa que teñen que camiñar xuntos?

Sendo un proxecto deportivo as empresas deben apoiar como boamente poidan, xa sexa con material ou aporte económico porque sacar adiante proxectos desta envergadura, con tantos rapaces, moitas veces ou na gran maioría, non chegan só as axudas que poidan prestar as institucións.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?

Ata o de agora non tivera ocasión de ver o funcionamento de ningunha escola deportiva pero o que levo visto neste caso, paréceme que están a facer un bo traballo cos rapaces.





Qué é o que vos anima a participar neste proxecto.

A nos o que mais nos animou e ver os rapaces contentos co deporte estrela para eles. Por outro lado a educación que levan nos campos, tanto dentro como fora deles.

“Deporte - Empresa”

pensa que teñen que camiñar xuntos.

Pois eu penso que si, porque o deporte sen empresas que o patrocinen non seria capaz de sobrevivir. Eso vese tamén nos equipos grandes.

Como valora o traballo feito polo Club ata este momento.

O traballo moi bo, igual que as inversións e penso que van de acordo coas as necesidades que a Escola necesita.



Qué é o que vos anima a participar neste proxecto.

Paréceme unha iniciativa moi boa porque os nenos/as do Concello, precisan de actividades para o tempo libre. Ademais, o deporte é moi san.

“Deporte - Empresa” pensa que teñen que camiñar xuntos.

Por suposto, todos temos que estar implicados neste tipo de iniciativas e as empresas do Concello debemos colaborar con estas actividades.

Como valora o traballo feito polo Club ata este momento.

Creo que o traballo é moi bo, cada día hai mais nenos facendo deporte. Aínda que creo que habería que facer algo mais para que as nenas participasen nestas actividades.



Bazar Karma

JOYERIA - REGALOS - PORCELANA - LOZA - CRISTAL

Teléfono 981 69 10 30
Rúa do Mediodía, 1 • 15884 Sigüeiro (La Coruña)



¿Qué é o que vos anima a participar neste proxecto?

Por diferentes motivos, sobre todo polos rapaces da vila, pois xa teñen unha opción mais, polo que lle beneficia o deporte, pois ademais de ser saudable, e esencial para o seu desenrolo. Aprenden, a xogar en equipo, a gañar e a perder, a cumprir unha serie de normas fundamentais, que lle van ser útiles fora do



campo. Soamente con sentir que participamos, inda que fora pouquiño, en que os nosos nenos teñan unha motivación mais, xa é unha gran satisfacción.

“Deporte - Empresa”, ¿pensa que teñen que camiñar xuntos?

Paréceme moi valido, pois por mínima que sexa a achega o lado de grandes empresas, é importante que o pequeno comercio agregue un grao de area mais, para este tipo de proxectos. O fin o cabo e beneficioso para a vila que haxa movemento cultural, e deportivo.

¿Como valora o traballo feito polo Club ata este momento?

Valoro a esa directiva e a todos os que fan posible, a boa marcha deste proxecto, pois considero que non e tarefa fácil, o andar a petar nas portas en busca de colaboracións e estar o pe do cañón, sacrificando o tempo tan valioso de cada un deles, pola motivación de crear algo bo para os nosos nenos e nenas. Gracias.



Reportaxe fotográfico



*Encontro de liga,
no campo de fútbol de Oroso*



Reportaxe fotográfico



Festa organizada polos pais dos nenos da categoría infantil, no campo de Oroso.



36



Recepción no concello do equipo infantil e entrega de medallas, como premio polo seu campionato de liga tempada 2005/2006



Reportaxe fotográfico



Recepción no Concello do equipo ALEVÍN e entrega de medallas, como premio polo seu campionato de liga tempada 2005/2006



Firma do convenio de colaboración, entre o Concello de Oroso e ED Xuventude Oroso. Presentación da sección deportiva de Tenis de Mesa



Reportaxe fotográfico

38



*Nenos dos equipos
Benxamíns e Alevíns*



*Nenos das categorías
infantís adestrando*



*Alevíns e
cadetes nun
adestramento en
Villarromariz*



Reportaxe fotográfica



Torneo alevíns organizado polo clube Conxo



Stand da Escola, con motivo da X Festa da Troita. Visita do Alcalde e do Conselleiro de Medio Ambiente Manuel Vázquez.



Torneo xuvenís "Compostela Cup" fase local Oroso

Reportaxe fotográfico

40




Cea fin de tempada



“O BAILE DE SALÓN COMO DEPORTE”

O baile de salón tal e como o coñecemos hoxe ten unha historia curta, aínda que non é menos certo que xa dende a prehistoria a danza vense utilizando como forma de expresión e mesmo de comunicación entre semellantes. Indubidablemente, foron os gregos e despois os romanos os que formalizaron e desenvolveron certas coreografías complexas que acadaron o asentamento definitivo da danza como algo cotiá e presente naquelas civilizacións e que, coa evolución lóxica, chegou ata os nosos tempos.



Evidentemente, as danzas clásicas, precursoras dos bailes actuais, sentaron as bases dos auténticos bailes de salón. Non obstante, foi o Vals Vienés, a principios do século dezanove, o seu máximo expoñente nas figuras conceptuais e coreográficas o verdadeiro punto de partida do que hoxe coñecemos como bailes de salón da era moderna.

Na actualidade, os bailes de salón evolucionaron ata chegar a recoñecerse a finais do século vinte, na década dos noventa, como unha modalidade deportiva que, aínda non considerado como deporte de masas, o Baile Deportivo é quen de mover unha gran cantidade de afeccionados.

O que hoxe coñecemos como Baile Deportivo divídese en dúas modalidades ben diferenciadas:

Bailes Standard (Inclúe cinco bailes): Vals Vienés, Vals Inglés, Tango, Slow Fox e Quickstep.

Bailes Latinos (Inclúe outros cinco): Samba, Rumba – Bolero, Cha-Cha-Cha, Pasodobre e Jive.

Organización a nivel estatal e autonómico

En definitiva, o Baile Deportivo ven ser unha forma evolucionada dos bailes de salón con unha clara inclinación ás competicións deportivas nestas modalidades. As técnicas coreográficas do mesmo e a súa elevada dificultade na execución, amosan un elevado grao de exercicio físico e unha importante carga artística que veñen desenvolvéndose por preto de setenta países espallados por todo o mundo e que se atopan representados na International Dance Sport Federati6n (IDSF). Esta federaci6n foi recoñecida polo Comité Olímpico Internacional (COI).

No caso de España, a Asociaci6n Espa6ola de Baile Deportivo y de Competici6n (AEBDC), ancorada á súa vez na IDSF, é a encargada de promover e regulamentar esta modalidade deportiva que tamén ten delegaci6ns nas dis-



tintas comunidades autónomas que conforman o Estado, de xeito que, con certa periodicidade e ó longo do ano, tanto a nivel nacional como autonómico veñen celebrándose varias competicións con anotación de puntos en calquera delas segundo o caso e as categorías.



En Galicia, hai dúas categorías básicas de competición en calquera das dúas modalidades, Standard ou Latinos, que son as categorías de Iniciación (só para o ránking galego) que inclúen os niveis I, H, G, e F, o maior nesta categoría e o ránking nacional nos niveis E, D, C, B e A/S, máximo da competición. Para competir nestes niveis do ránking nacional é necesario estar asociado na AEBDC. Calquera destes niveis ou categorías subdivídense noutras por tramos de idade dende os cinco anos ata que o corpo aguante. Cada ano, os distintos clubs de Baile Deportivo galego organizan eventos de competición nas súas áreas de influencia, valedoiros tanto para o ránking galego como para o nacional, chegando a celebrarse por termo medio uns doce por ano cunha media de asistencia de parellas de entre un cento ou cento vinte.

Baile Deportivo en Oroso

No noso concello, a día de hoxe temos unha curta pero proveitosa traxectoria no Baile Deportivo, dende fai uns catro anos e, a traveso da Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Oroso, véñense organizando distintos cursiños nesta modalidade deportiva que dende o primeiro momento tiveron gran acollida. Un concerto de colaboración entre o propio concello e o club – escola de baile SEYMER de Negreira, permitiu que profesores daquela gran escola nicraniense ensinaran e ensinen as técnicas deste vistoso deporte ós rapaces e adultos das nosas parroquias.

Aqueles primeiros pasos no baile, e nunca mellor dito, foron aproveitados con éxito por dous rapaces do concello que decidiron dar o salto ó baile de competición. Laura Mouro e Álvaro Seoane son parella de baile dende fai tres anos e representan o noso concello por toda Galicia facendo acto presencial en practicamente tódalas competicións organizadas na comunidade. Campións de Galicia na categoría F, deron o salto ó ránking nacional fai ano e medio



Contigo ... Desde Siempre

Tif. Información:
646 808 888 www.seymer.es

SeyMer

Rumba - Samba
Tango - Fox

Pasodoble - Jive - Cha Cha Cha
Vals Vienés - Quikstep

Aerobic - Batuka - Step



competindo na categoría E do mesmo, e na modalidade de Bailes Latinos. Esta parella que deu os seus primeiros pasos con SEYMER e acadou os primeiros postos no ránking galego tamén con eles, hoxe, e por cuestións de compatibilidade cós estudos e distancia, reciben clases en Santiago con outro grande do Baile Deportivo, que o foi a nivel nacional, o seu profesor ISMAEL.

Laura e Álvaro reciben clases de técnica unha ou dúas veces por semana có seu profesor e despois adestran xuntos outros dous días á semana nun baixo, có que dedican unha media de catro ou cinco horas semanais a este deporte. Esta parella aspira a seguir acadando trunfos, por outra banda necesarios para subir de nivel, tanto nesta modalidade de Latinos como na de Standard, aínda que nesta última non teñen polo de agora preparada ningunha coreografía a nivel competitivo, estando máis centrados na modalidade de Baile Latino.


O exemplo desta parella de deportistas, amosa unha vez máis que tanto dende as institucións públicas como as privadas é fundamental apoiar non só os deportes, senón todo tipo de iniciativas culturais e sociais que permitan ós nosos rapaces medrar sans dende o punto de vista físico e intelectual. Deste xeito estamos garantindo que os máis novos teñan sempre un referente de conductas que poñan en alza valores como o sacrificio, a disciplina no traballo, a superación persoal, o traballo en equipo, e o respecto polo seu entorno afectivo e social.



Javier Seoane

XORNALISTA

Fontes: Autor, IDSF e AEBDC



Ingeniería de Comunicaciones Sigüeiro sl
Avd-Compostela nº7 Bajo - Sigüeiro - Oroso - La Coruña - 15688
Teléfono: 981 691960 / Fax: 981 691960
E-mail: ics.sigüeiro@telefonica.net





O CONTORNO NATURAL, CALIDADE DE VIDA

Dicía un filósofo estadounidense de orixe español, Jorge de Santayana, algo así como que a vida non se fixo para comprendela, senón para vivila e, digo eu que tendo en conta que só se vive unha vez, hai que vivila o mellor posible. Dende os primeiros anos na existencia dunha persoa, a calidade de vida vai marcar moitos aspectos do comportamento social e afectivo desa persoa. Nos tempos que nos toca vivir, a sociedade da comunicación e a información, a terceira revolución industrial que moitos identifican coa era dixital có seu máximo expoñente nas novas tecnoloxías, son un feito presente nas nosas vidas e nos xeitos de vivilas.

Por iso, se cadra, reflexionar neste artigo sobre as vantaxes de criar nenos no eido rural, sen renunciar ás oportunidades que ofrece a vida do contorno urbano e máis tecnificado, é unha boa oportunidade para lembrar que o noso concello reúne as premisas básicas deses innumerables lugares que temos en Galicia tan pretos das nosas grandes vilas e cidades, pero que ó mesmo tempo permiten unha opción de vida máis auténtica e relaxada.

Oroso, un concello con evidente tradición rural nos seus principios, está a recibir nos últimos tempos unha vaga de novos folgos, de parellas e persoas que buscan unha nova forma de vida pero que sen dúbida tamén son máis esixentes coas administracións locais na procura de demandas de servizos sociais, culturais, sanitarios e mesmo de ocio.

Dende logo, non ter que usar o coche para ir mercar o pan, as menciñas, tomar un café, coma si estiveramos nunha cidade sen estalo, ou achegarse a unha oficina de correos, á casa do concello facer unha xestión, a unha entidade bancaria, saber que os teus nenos están xogando na rúa vixiados por algún veciño ou coñecido, gozar dos animais e da natureza sentindo o seu ritmo, vivir a política como algo teu e persoal, dispoñer de produtos e alimentos máis naturais, compartir cós maiores da zona as súas vivencias e aprender a respectalos e aprecialos como referente do que foron as costumes máis xenuínas, ... todo isto e moito máis, ¿é ou non é calidade de vida?. Pois fagamos que así sexa durante moitos anos



CONCELLO DE
Oroso

ASESORÍA
 Fiscal, laboral e empresarial
INMOBILIARIA
 Alugamento e venda de pisos, oficinas e locais en Santiago e comarca.
 Asesoramento inmobiliario e medación na compravenda de inmobles
CORREDURÍA DE SEGUROS
 Traballamos coas mellores compañías para ofrecerte as mellores pólizas
SOFTSÍGUEIRO
 Informática á súa medida.
 Os mellores prezos, o mellor servizo

RAFA - GENERAL, SANTIAGO, DO MARTE 10808 N. GUARDIA, 1111, 15112 BOBO
 FAX: 881 174 963 - **RAFA** - CAMPO REAL, 11 BARRIO

